

Se transcrito dito prazo non se presentasen reclamacións, considerárase aprobado definitivamente dito Acordo.

Folgo do Courel, a 30 de decembro de 2014. A Alcaldesa. Asdo. Dolores Castro Ochoa

R. 0016

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Concello en Pleno en sesión celebrada en data 26 de decembro de 2014 o Regulamento sobre exclusión da obriga de presentar factura electrónica nas facturas inferiores a 5.000 euros no Concello de Folgo do Courel; de conformidade co artigo 49 b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sométese a información pública por prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán formular as reclamación ou suxerencias que se estimen oportunas.

Se transcrito dito prazo non se presentasen reclamacións, considerárase aprobado definitivamente dito Acordo.

Folgo do Courel, a 30 de decembro de 2014. A Alcaldesa-Presidenta. Asdo. Dolores Castro Ochoa

R. 0017

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 26 de decembro de 2014 o Orzamento municipal para o exercicio 2015, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arreglo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de 15 días hábiles -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP-co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O devandito documento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Folgo do Courel, a 30 de decembro de 2014. A Alcaldesa. Asdo. Dolores Castro Ochoa

R. 0018

---

## **RIBADEO**

### *Anuncio*

Por acordo plenario de 25 de setembro de 2014 acordouse prestar aprobación inicial ao Regulamento dos Cemiterios municipais do Concello de Ribadeo.

Publicado anuncio no BOP de Lugo de 4 de outubro de 2014 outorgando prazo de 30 días para alegacións ou reclamacións formuláronse as que constan no expediente sendo resoltas por acordo plenario de data 23 de decembro de 2014 ao tempo que se prestou aprobación definitiva ao referido Regulamento cuxo texto definitivo queda do seguinte xeito:

### **REGULAMENTODOSCEMITERIOSMUNICIPAISDOCONCELLODERIBADEO**

#### **EXPOSICIÓNDEMOTIVOS**

O presente Regulamento ten como obxecto levar a cabo a actualización da normativa local que ata o momento viña regulando o Servizo de Cemiterios de Ribadeo, e que databa do ano 1932, e a adecuación da mesma as disposicións legais vixentes, en especial aos artigos 95 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e ao Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como calquera outra norma que fose de aplicación, e en particular, o Decreto 2263/1974, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Policía Sanitaria Mortuoria e a lexislación autonómica aplicable nesta materia Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria de Galicia.

Esta norma pretende facer compatible a regulamentación do Servizo co carácter social, histórico e cultural que presentan os Cemiterios da nosa vila, nos que repousan figuras de notable importancia e se encontran sepulturas e obras dun grande valor artístico e histórico.

#### **CapítuloI.-NormasXerais**

##### **Artigo 1.- Xestión do Servizo**

O Concello de Ribadeo xestiona o servizo do cemiterio en cumprimento do establecido nos artigos 25 e 85 da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, e os artigos 95 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e tamén con suxeición ao Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como calquera outra norma que fose de aplicación, e en particular, o Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria de Galicia e supletoriamente o Decreto 2263/1974, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Policía Sanitaria Mortuoria.

## Artigo 2.- Cemiterios

No termo municipal de Ribadeo atópanse dous cemiterios de titularidade pública: o Cemiterio de Ribadeo, situado na parroquia de Santa María, e o Cemiterio de Ove. Ambos os dous estarán suxeitos ás estipulacións do presente regulamento, así como ao resto da normativa que no seu caso resulte de aplicación.

## Artigo 3.- Principios na prestación do Servizo de Cemiterio

O servizo de cemiterio prestarase orientado polos seguintes principios:

1. A consecución da satisfacción do cidadán.
2. Intentar **paliar o sufrimento dos familiares** e achegados no vinculado á prestación do servizo.
3. A **sostibilidade** actual e futura do Servizo de Cemiterio, incluída a sostibilidade financeira.
4. A consecución da **eficacia e eficiencia** na prestación do servizo cuxa realización estará baseada na ética e no respecto requiridos.
5. A realización profesional dos seus traballadores e o mantemento da **súa seguridade e saúde laboral**.
6. **Contribuír ao cambio de mentalidade** da sociedade respecto ao tratamento da morte, mediante actuacións de ámbito paisaxístico-urbano, urbanístico, social e cultural.
7. Contribuír á visión do **bo facer do goberno do Concello** de Ribadeo para os seus cidadáns.
8. Contribuír á **sostibilidade local e á saúde dos cidadáns**.

## Artigo 4.- Instalacións abertas ao público

Con carácter xeral estarán abertos ao público para o seu libre acceso todos os recintos do cemiterio ocupados por unidades de enterramento e instalacións de uso xeral.

Para o acceso de público e prestación de servizos, procurarase a maior amplitude de horarios en ben

A tal fin, establécense os horarios que figuran a continuación, sen perxuízo da súa modificación puntual por Decreto de Alcaldía en función das esixencias técnicas, índices de mortandade, racionalización dos tempos de servizo do persoal, climatoloxía, luz solar, e calquera outra circunstancia que aconselle a súa ampliación ou restricción en cada momento.

### Períodos:

Verano: De 5 de abril a 5 de novembro.  
Inverno: De 6 de novembro a 4 de abril.

### HorariodetraballosnoCemiterioeunidadesdeenterramento: (Agás sábados, domingos e festivos)

Verán: De 9 a 13 e 18 a 20 horas.  
Inverno: De 9 a 13 e 16 a 18 horas

Horariodeenterramentos: De luns a domingos e festivos incluídos (sempre que se estea en poder da Orde xudicial de enterramento e da autorización municipal coa concreción da unidade funeraria)

Verán: De 9 a 13 e 18 a 20  
Inverno: De 9 a 13 e 16 a 18

### Horariodevisita:

Permanecerá aberto de luns a domingos e festivos incluídos aos exclusivos efectos de visita nos seguintes horarios:

Verán: De 9 a 21 horas  
Inverno: De 9 a 18 horas

## Artigo 5.- Definicións

Cadáver: o corpo humano durante os cinco anos seguintes á morte real, que se contarán dende a data e hora que figure na inscrición de defunción no Rexistro Civil.

Restos cadavéricos: o que queda do corpo humano, unha vez transcorridos os cinco anos seguintes á morte real.

Restos humanos: os de entidade suficiente procedentes de abortos, mutilacións e intervencións cirúrxicas.

Putrefacción: proceso de descomposición de materia orgánica debido á acción sobre o cadáver de microorganismos e fauna complementaria.

Esqueletización: proceso de redución a restos óseos, unha vez eliminada a materia orgánica, ata a súa total mineralización.

Féretro común, féretro especial, féretro de cremación, féretro de recollida, Caixa de restos e urna para cinzas: os que reúnan as condicións fixadas para cada un deles na normativa aplicable.

Unidade de enterramento: habitáculo ou lugar debidamente acondicionado para a inhumación de cadáveres, restos ou cinzas.

Nicho: unidade de enterramento de forma equivalente a un prisma, integrado en edificación de filas superpostas, e con tamaño suficiente para aloxar un so cadáver. Poderán construírse nichos de dimensións especiais para inhumación de cadáveres de maior tamaño.

Bóveda/capela/panteón: unidade de enterramento con varios espazos destinados a aloxar máis de un cadáver, restos ou cinzas. Dentro desta categoría inclúense como elementos únicos e diferenciados a Cripta dos Irmáns Moreno Ulloa sita no interior da Capela e o Mausoleo de Dona Elisa Alonso existente no cadro C.

Tumba, sepultura ou foxa: unidade de enterramento constuída baixo rasante, destinada a aloxar un ou varios cadáveres e restos ou cinzas.

Parcela: espazo de terreo debidamente acotado, e no cal pode construírse unha unidade de enterramento e monumento funerario de estrutura similar a tumba ou bóveda (panteón), cos ornamentos e características previstas nas normas de edificación aplicables.

Columbario/osario: unidade de enterramento de dimensións adecuadas para aloxar restos cadavéricos ou humanos, ou cinzas procedentes de cremación ou incineración.

### **Capítulo I.- Da organización dos servizos**

#### **Artigo 6.- Dirección e organización dos servizos**

Corresponde ao Concello, a dirección e administración de todos os recintos e instalacións do Cemiterio e servizos funerarios da súa competencia, e terá ao seu cargo a organización e prestación dos servizos que lle son propios; obrigándose ao puntual cumprimento das disposicións de carácter xeral, sanitarias ou de outra índole, que lle sexan de aplicación, e das que se establecen no presente Regulamento.

Garantirase a prestación adecuada dos servizos, mediante unha correcta planificación que asegure a existencia de espazos e construcións para inhumación, realizando as obras de edificación e traballos de conservación necesarios para asegurar o servizo aos usuarios que o soliciten, dentro dos recintos ao seu cargo.

O Servizo de Cemiterio velará polo mantemento da orde nos recintos e instalacións funerarias, e pola esixencia do respecto adecuado á función dos mesmos, adoptando a tal efecto as medidas que estime necesarias, e en particular, esixindo o cumprimento das seguintes normas:

1. **O persoal gardará co público as debidas atencións e consideracións**, evitando que se cometan nos recintos funerarios actos censurables, se esixan gratificacións e se realicen concesións, dádivas ou axencias relacionadas co servizo.
2. **Os visitantes comportaranse co respecto adecuado ao recinto**, podendo en caso contrario adoptarse as medidas legais adecuadas para ordear, mediante os servizos de seguridade competentes, o desaloxo do recinto dos que incumpriran esta norma.
3. **Exercerase a vixilancia xeral das instalacións e recintos do cemiterio**, estando porén excluída a responsabilidade por roubos ou deterioracións que puideran ter lugar nas unidades de enterramento, e en xeral nas pertenzas dos usuarios.
4. **Prohíbese a venda ambulante e a realización de calquera tipo de propagandas no interior das instalacións funerarias e recintos de cemiterios**, así como o ofrecemento ou prestación de calquera clase de servizos por persoas non autorizadas expresamente.
5. **Non se poderán obter, por medio de fotografías, debuxos, pinturas, películas ou calquera outro medio de reprodución, imaxes de unidades de enterramento nin dos recintos e instalacións funerarias**, quedando prohibida a entrada con toda clase de aparatos de reprodución. Porén, poderase autorizar en casos xustificadas a obtención de vistas xerais ou parciais dos recintos, así como filmacións excepcionais ao abeiro de reproducións cinematográficas debidamente autorizadas ou, no seu caso, a toma de fotografías persoais dentro de visitas guiadas organizadas e/ou autorizadas polo Concello a aqueles elementos que revistan interese social, histórico e/ou cultural sempre que conste a autorización dos titulares dos mesmos. Exceptúase da presente prohibición a toma de rexistro fotográfico ou por calquera outro medio realizado con fins rexistrais ou de control por parte do Concello de Ribadeo.
6. **As obras e inscricións funerarias deberán estar en consonancia co debido respecto á función dos recintos**.
7. **Non se permitirá o acceso de animais, nin a entrada de vehículos**, salvo os que expresamente se autoricen conforme a este Regulamento e as normas que se diten no seu desenvolvemento ou así o establece a lexislación aplicable. O Concello procurará facilitar o acceso de persoas con problemas de mobilidade. Exceptúase da prohibición anterior os animais que teñan o carácter de guía e vaian coa persoa a quen prestan dito servizo.

### Artigo 7.- Dos servizos e prestacións

A xestión do Servizo de Cemiterio Municipal e servizos complementarios comprende os supostos, actuacións e prestacións que, con carácter enunciativo e non limitativo, se indican a continuación:

1. **Inhumacións, exhumacións, traslados de restos**, e en xeral todas as actividades que se realizan dentro do recinto do cemiterio, esixibles pola normativa en materia sanitaria mortuoria
2. **A administración de cemiterios, coidado do seu orde e policía, e asignación de unidades de enterramento**
3. A autorización das obras de construción, ampliación, renovación e conservación de sepulturas de todas clases, nas condicións que na mesma se fixen.
4. A realización das obras, servizos e traballos necesarios para a conservación, **mantemento e limpeza de instalacións funerarias e cemiterios, en particular dos seus elementos urbanísticos, xardinería, edificios e demais instalacións, así como o funcionamento destes.**  
Ademais, o Concello manterá en bo estado de conservación, realizando neste sentido as labores que sexan precisas, as tumbas ou sepulturas nas que repousen os restos de **persoeiros de innegable notoriedade**, de persoas que tiveran unha especial vinculación coa vila e as tumbas que pola súa antigüidade ou calidade artística merezan un especial coidado, **sempre e cando non existan familiares** ou achegados que poidan facerse cargo da conservación das mesmas.  
En todo caso, poderá seguirse o procedemento de reintegro dos gastos en que ten incorrido o Concello fronte ditos familiares ou achegados que sexan atopados cando os traballos veñan dados polo mal estado de conservación ou necesidades emerxentes do obxecto de actuación.  
En caso de desatención das sepulturas de calquera clase, por parte de quen ostenta a súa titularidade, que cause un estado de ruína ou abandono, que produza perigos ou desmereza o necesario ornato e aspecto do lugar, o Concello, previa tramitación do expediente procedente con audiencia ao/a interesado/a, poderá proceder á demolición ou á retirada de cantos obxectos se atopen deteriorados ou en mal estado, sen que poida esixírselle ningún resarcimento ou ningunha indemnización en tal concepto.
5. **Calquera outra actividade integrada no servizo de cemiterio, imposta pola técnica ou hábitos sociais** actuais ou que poidan desenvolverse no futuro.

Serán deberes do persoal encargado dos cemiterios os seguintes:

1. Cumprir e facer cumprir o disposto no presente Regulamento e no Regulamento de Policía Sanitaria mortuoria así como na restante normativa de aplicación acerca da inhumación, exhumación, traslado de cadáveres, etc.
2. Formará inventario dos mobles, aparellos e ferramentas que existan nos cemiterios dando de baixa as que se inutilicen e solicitando as que sexan necesarias. Tamén levará un inventario das verxas, cruces e outros obxectos particulares que quedan nas sepulturas que non foran renovadas polos concesionarios, dando conta á Alcaldía ou Concellaría Delegada para que dite a resolución procedente.
3. Vixilancia dos epitafios, inscricións e demais que se poñan nos nichos, panteóns, sepulturas ou columbarios para que non desdigan do obxecto a que están destinados. Non se permitirá obra algunha sen a presentación da pertinente licenza municipal.
4. Cuidara de que cada panteón, nicho, sepultura ou columbario estean sinalizados co mesmo número que lles corresponda e que as rúas e pasos estean perfectamente sinalizados, no seu caso, para facilitar a localización para a mellor prestación do servizo e comodidade de usuarios e visitantes.
5. Non permitirá que por curiosidade ou a título de recoñecemento se abra ningunha sepultura a non ser que o interesado exhiba licenza da autoridade competente. Durante a práctica das mencioandas operacións non permitirá que permanezan no interior do cemiterio outras persoas que as autorizadas pola autoridade xudicial, a menos que éste non estime necesario que se prohíba a entrada á necrópolis.
6. Procurará o adecuado estado de limpeza do cemiterio e das súas dependenzas, rego e conservación de xardíns, arbolado e o cumprimento das normas de hixiene e policía.
7. Virá obrigado a realziar os traballos dentro do cemiteiro, de condución, inhumación, exhumación e traslado de cadáveres, así como os de apertura e peche dos panteóns, nichos, sepulturas e columbarios; a manter no debido estado de conservación e limpeza todas as dependenzas, exercer a vixilancia debida para evitar sustraccións, esixir do público que garde a debida compostura e en xeral a realizar cantos traballos e servizos se relacionen co posto.
8. Queimará dentro do mesmo día en que sexa extraídos e no lugar expresamente asignado ao efecto as roupas, hábitos, sudarios, féretros procedentes de cadáveres cuxos restos fosen reducidos ou trasladados ao osario común. A retención de calquera obxecto atopado dará lugar á formación de expediente, sen prexuízo de pasar a correspondente denuncia á autoridade xudicial.
9. Será igualmente da súa incumbencia as obras de albanería necesarias para a apertura e peche de panteóns, nichos, sepulturas e columbarios, o tabicado de estantes, no seu caso, inmediatamente despois de realizadas as inhumacións ou a construción de bovedilla de ladrillo nos que carezan de estantes.
10. Queda prohibido expresamente que os empregados municipais que presten servizo nos cemiterios perciban de particulares cantidade algunha pola prestación do servizo inherente ao seu cargo.

### Artigo 8.- Funcións administrativas e Técnicas do Servizo de Cemiterio

O Servizo de Cemiterio está facultado para realizar as funcións administrativas e técnicas conducentes ao pleno exercicio das que a continuación se detallan:

1. Iniciación, trámite e PROPOSTA DE RESOLUCIÓN dos expedientes relativos a:
  - a) **Concesión e recoñecemento de dereito funerario sobre unidades de enterramento de construción municipal e sobre parcelas para a súa construción por particulares.**
  - b) **Modificación e recoñecemento de transmisión do dereito funerario, na forma establecida neste Regulamento**
  - c) **Recepción e autorización de designacións de beneficiarios de dereito funerario**
  - d) **Comprobación do cumprimento dos requisitos legais para a inhumación, exhumación, traslado, redución, cremación e incineración de cadáveres e restos humanos.**
  - e) **Proposta de outorgamento de licenzas para a colocación de lápidas e todos os conceptos do apartado 3 do artigo 7.**
  - f) **Toda clase de trámites, expedientes e procedementos complementarios ou derivados dos anteriores.**
  - g) **Proposta de Autorización de inhumación ee exhumación de cadáveres e restos, nos casos de competencia municipal atribuída pola normativa de sanidade mortuoria.**
2. **Tramitación e informe de expedientes relativos a licenzas para obras de construción, reforma, ampliación, conservación e outras por particulares, debendo establecerse de xeito claro e obrigatorio para o administrado caracteres específicos tales como altura, anchura, superficie, materiais autorizados e outros, considerándose como cuestións mínimas as seguintes:**
  - Respecto dos nichos, manteranse as dimensións existentes seguindo a liña dos acometidos polo Concello. A cor por defecto será branca e en pintura, agás aqueles que segundo se sinala no informe técnico se refiran a zonas nas que maioritariamente existan outros modelos, seguindo un criterio homoxeneo, e poderán autorizarse outro tipo de acabado e/ou cor cando existan outros tipos considerablemente maioritarios segundo a zona concreta. Os laterais dos nichos deberán ser con acabados de enfoscado e pintura en cor branca, prohibíndose os alicatados.
  - **Respecto das sepulturas**, non excederán os 30 centímetros de altura respecto do solo e as cruces os 50 centímetros coa mesma referencia. Serán de pedra cor branca e non pasarán as aliñacións preexistentes.
  - **Respecto dos panteóns**, emitirase informe á vista da documentación que obrigatoriamente haberá de presentarse en canto a dimensións, acabados, cotas, etc... que se pretende acometer para permitir aos técnicos obter unha comprensión sobre o aspecto final da obra prevista.
  - **Os espazos entre sepulturas e panteóns e as beirarrúas serán de formigón nun acabado igual ao existente na maioría dos viarios.** Manterase unha rasante continua cos límites.
3. **Elaboración e proposta de aprobación de proxectos, dirección ou supervisión técnica, das obras de construción, ampliación, renovación e conservación de sepulturas de todas clases, edificios e instalacións mortuorias ou de servizos complementarios, e dos elementos urbanísticos do solo, subsolo e voo dos recintos encomendados á súa xestión.**
4. Execución directa de toda clase de obras ás que se refire o apartado anterior cando poidan ser realizadas polo seu propio persoal.
5. Levanza dos libros de Rexistro que, obrigatoria ou potestativamente han de levarse, practicando neles os asentos correspondentes, que deberán comprender como mínimo: inhumacións, cremacións, unidades de enterramento e concesións de dereito funerario outorgadas a particulares. Os libros de Rexistro poderán levarse por medios informáticos. Os libros de Rexistro existentes actualmente atópanse na Casa do Concello sendo os seguintes, sen prexuízo de creación de outros:
  - Libro-rexistro de Cemiterio Municipal (un por cada Cemiterio)
  - Libro de enterramentos (un por cada Cemiterio)
6. Expedición de certificacións sobre o contido dos libros, a favor dos que resulten titulares de algún dereito segundo os mesmos, resulten afectados polo seu contido ou acrediten interese lexítimo.
7. En todo caso estarase ao previsto na lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.
8. Decisión, segundo o seu criterio e dentro das marxes legais, sobre as circunstancias de excepcionalidade concorrentes, e autorización de apertura de féretros previamente á inhumación ou cremación, para a observación do cadáver por familiares.

### Artigo 9.- Celebración de ritos relixiosos e sociais

Na prestación do servizo de cemiterio atenderase a celebración de actos non habituais de carácter relixioso ou social, que non incumpran o ordenamento xurídico.

Cando os actos mencionados no parágrafo anterior sexan realizados polo Servizo de Cemiterio, repercutiránelles aos solicitantes dos mesmos o custe da súa realización, de conformidade co disposto na Ordenanza Fiscal correspondente.

### Artigo 10.- Dereitos dos consumidores e as súas achegas á mellora da prestación do servizo

O Servizo de Cemiterio realizará un cumprimento estrito e amplo da lexislación sobre a defensa dos consumidores e usuarios, poñendo a disposición destes follas de reclamación que se poderán obter nas oficinas xerais da Casa Consistorial analizando e estudando as reclamacións e comunicándolles o resultado sobre a prestación do servizo das mesmas.

Do mesmo xeito, o Servizo de Cemiterio posibilitará que os consumidores poidan expresar a súa opinión sobre a prestación do servizo, mediante a achega de observacións e suxestións, que serán analizadas, estudadas e implementadas, se resultaran oportunas e posibles, comunicando a aqueles o resultado da súa achega sobre a prestación do servizo e o agradecemento polas mesmas.

#### **Artigo 11.- Seguridade, saúde laboral e rexistro de contratistas**

O Servizo de Cemiterio atenderá e fomentará todas aquelas actuacións que promovan a seguridade e saúde laboral dos seus profesionais, con suxección ao establecido na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Co obxecto de promover e garantir que os traballos que se leven a cabo nas instalacións do cemiterio cumpran as obrigas vixentes en materia de seguridade e saúde laboral, o Concello de Ribadeo manterá **un rexistro de contratistas** no que se inscribirán aqueles contratistas privados que desexen traballar no ámbito dos Cemiterios do Concello.

A inscrición no rexistro será obrigatoria e permanentemente aberta. Para solicitala será necesario presentar no Rexistro de Entrada do Concello a seguinte documentación:

1. Escrito de solicitude onde conste nome e apelidos ou denominación social do solicitante, DNI ou CIF, domicilio a efectos de notificación e datos de contacto tales como teléfonos fixo e móbil, e-mail e/ou fax.
2. Escritura de constitución ou modificación no seu caso, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil no caso das sociedades.
3. Xustificante de estar dado de alta no IAE e de non ser debedor á Seguridade Social nin á Administración Tributaria. A vixencia destes requisitos deberá acreditarse **anualmente**.
4. Xustificante de contar con **seguro de responsabilidade civil** para responder dos danos que se puideran ocasionar a outras propiedades, públicas ou privadas.

Con respecto aos contratistas establécense as seguintes obrigas de carácter xeral:

- a) O persoal que realice os traballos farao co debido respecto ao lugar
- b) As estadas, valos ou calquera outro enser auxiliar necesario para a construción, colocaranse de forma que non danen sepulturas adxacentes ou plantacións
- c) Os utensilios móbiles destinados á construción deberán gardarse diariamente en alpendres ou depósitos para a súa mellor orde no recinto
- d) Os depósitos de materiais, aveños, terra ou auga, situaranse en lugares que non dificulten a circulación ou paso pola vía pública
- e) A preparación dos materiais para a construción deberá realizarse nos lugares que se designen coa protección en cada caso que se considere necesaria
- f) O transporte dos materiais para a construción, así como o das laxes, cruces e lápidas polo interior dos cemiterios, farase con vehículos de tracción mecánica sempre que o seu peso coa carga non exceda de 5.000 quilogramos e vaian provistos de neumáticos a presión.
- g) Os traballos preparatorios de marmolista non poderán realizarse dentro do recinto
- h) Rematada a obra, os contratistas ou executores deberán proceder á limpeza do lugar da construción en retirada dos cascotes, fragmentos ou residuos de materiais, sen cuxo requisito non se autorizará a alta da mesma
- i) O contratista será responsable de todos os danos e perxuízos que, pola súa culpa ou negligencia, poidan causarse con motivo da execución das obras
- j) O contratista está obrigado a adoptar todas e cada unha das medidas de seguridade que a lexislación de seguridade e saúde, traballo e demais disposicións vixentes preceptúen
- k) En caso de accidente ocorrido aos operarios, durante os traballos realizados para a execución das obras, o contratista aterase ao disposto na lexislación vixente, sendo en todo caso único responsable do seu incumprimento e sen que por ningún concepto poidan quedar afectadas outras persoas.

#### **Artigo 12.- Formación profesional**

O Servizo de Cemiterio fomentará a actualización dos coñecementos técnicos e o progreso na carreira profesional dos seus traballadores mediante a formación necesaria.

#### **Capítulo III.- Dereito funerario**

##### **Artigo 13.- Contido do dereito funerario**

O dereito funerario, constituído na forma determinada por este Regulamento, atribúe ao seu titular o uso exclusivo do espazo ou unidade de enterramento asignada aos fins de inhumación de cadáveres, cinzas e restos, segundo a súa clase, durante o tempo fixado na concesión.

**Nunca se considerará atribuída ao titular a propiedade.**

##### **Artigo 14.- Constitución do dereito**

O dereito funerario adquirese, previa solicitude do interesado, mediante o pagamento dos dereitos que establezan as tarifas vixentes ao momento da súa solicitude. No caso de falta de pago de tales dereitos, entenderase non constituído, e de terse practicado previamente inhumación na unidade de enterramento, o

Servizo de Cemiterio estará facultado, previo cumprimento das disposicións sanitarias aplicables, para a exhumación do cadáver, restos ou cinzas e o seu traslado a enterramento común, cremación ou incineración.

#### Artigo 15.- Recoñecemento do dereito

O dereito funerario queda recoñecido polo contrato-título suscrito á súa constitución, e inscrición nos libros de rexistro correspondentes.

O contrato-título de dereito funerario conterá, polo menos, as seguintes mencións:

1. **Identificación da unidade de enterramento, expresando a súa clase**
2. **Data de adxudicación, e unha vez practicada, data da primeira inhumación**
3. **Tempo de duración do dereito**
4. **Nome, apelidos, número de identificación fiscal e domicilio a efectos de notificacións, do titular e, no seu caso, do beneficiario *mortis causa***
5. **Limitacións ou condicións especiais de uso da unidade de enterramento impostas polo titular.**

O libro rexistro de unidades de enterramento deberá conter, respecto de cada unha delas, as mesmas mencionadas do contrato-título, segundo o indicado no parágrafo anterior, e ademais:

- 1- Data de alta das construcións de enterramento
- 2- Inhumacións, exhumacións, traslados e calquera outra actuación que se practique sobre as mesmas, con expresión dos nomes e apelidos dos falecidos a que se refiran, e data de cada actuación.
- 3- Licencias de obras e lápidas concedidas.
- 4- Calquera dato ou incidencia que afecte á unidade de enterramento e que se estime de interese polo Servizo de Cemiterio.

#### Artigo 16.- Titularidade do dereito

Poden ser titulares de dereito funerario:

1. Persoas físicas. Concederase o dereito, ou recoñecerase por transmisións *inter vivos*, únicamente a favor dunha soa persoa física.
2. Cando, por transmisión *mortis causa*, resulten **ser varios os titulares do dereito**, designarán entre eles **a un so que actuará** como representante a todos os efectos de comunicacións, reputándose válidamente feitas a todos os cotitulares as notificacións dirixidas ao representante. Os actos do representante entenderanse realizados en nome de todos eles, que quedarán obrigados polos mesmos. A falta de designación expresa, terase como representante nos termos indicados ao cotitular que ostente maior participación, ou no seu defecto, a quen ostente a relación de parentesco máis próximo co causante; e en caso de igualdade de grao, ao de maior idade. No caso de falta de acordo entre os interesados sobre o seu nomeamento, será válido o nomeamento feito polos cotitulares que representen a maioría de participacións.
3. Comunidades relixiosas, establecementos benéficos, Cofrarías, Asociacións, Fundacións e en xeral institucións sen ánimo de lucro legalmente constituídas.

#### Artigo 17.- Dereitos do titular

O dereito funerario constituído conforme aos artigos anteriores outorga ao seu titular os seguintes dereitos:

1. Depósito de cadáveres, restos cadavéricos e humanos e cinzas.
2. Ordenación en exclusiva das inhumacións, exhumacións, redución de restos e outras actuacións que deban practicarse na unidade de enterramento.
3. Determinación en exclusiva dos proxectos de obras e epitafios, recordatorios, emblemas e símbolos que se desexen instalar na unidade de enterramento, que deberán ser en todo caso autorizadas polo Servizo de Cemiterio.
4. Esixir a prestación dos servizos propios que o Cemiterio teña establecidos.
5. Esixir a adecuada conservación, coidado e limpeza xeral de recintos e instalacións.
6. Designar beneficiario para despois do seu falecemento, nos termos deste Regulamento.

#### Artigo 18.- Obrigas do titular

O dereito funerario, constituído conforme aos artigos anteriores, obriga ao seu titular ao cumprimento das seguintes obrigas:

1. Conservar o contrato-título de dereito funerario, cuxa presentación será preceptiva para a solicitude de prestación de servizos ou autorización de obras e lápidas.
2. Solicitar licenza para a instalación de lápidas, emblemas ou epitafios, e para a construción de calquera clase de obras.
3. Asegurar o coidado, conservación e limpeza das obras e instalacións de titularidade particular, así como do aspecto exterior das unidades de enterramento adxudicadas, de titularidade municipal, colocando os elementos ornamentais conforme ás normas establecidas.
4. Os recipientes que se poñan para depositar flores ou outros obxectos han de estar firmes o chan, para que non sexan arrastrados polo vento

5. Comunicar as variacións de domicilio, números de teléfono e de calquera outro dato de influencia nas relacións do titular co Servizo de Cemiterio.
6. Abonar os dereitos, segundo tarifas legalmente aprobadas, polos servizos, prestacións e licencias que solicite, e pola conservación xeral dos recintos e instalacións.
7. Retirar á súa costa as obras e ornamentos da súa propiedade, cando se extinga o dereito funerario.

En caso de incumprimento polo titular de calquera das súas obrigas sobre as unidades de enterramento, o Concello poderá adoptar, previo requerimento a este, as medidas de corrección necesarias, sendo o seu importe a cargo do titular.

#### **Artigo 19.- Duración do dereito**

O dereito funerario estenderase por todo o tempo fixado no momento da súa concesión e cando proceda na ampliación correspondente.

Poderá concederse autorización para o inmediato depósito dun so cadáver, con carácter emerxente e informe dos Servizos sociais que o xustifique, para o enterramento en unidades funerarias de titularidade pública municipal, por período de 5 anos.

A concesión do dereito funerario outorgarase por un período de 75 anos, período correspondente ao máximo que permite a lexislación sobre ocupación privativa de dominio público local, para inhumación de cadáveres, restos ou cinzas, en toda clase de unidades de enterramento e parcelas para construción polo titular.

Transcurrido este período poderase solicitar unha nova concesión (renovación) na que terá dereito preferente o anterior titular ou os que xustifiquen ser os seus herdeiros ou causahabientes.

Non se permitirá a inhumación de cadáveres en unidades de enterramento cuxo tempo de concesión estea nos últimos cinco anos de duración.

#### **Artigo 20.- Transmisibilidade do dereito**

O dereito funerario non poderá ser obxecto de comercio, nin de transacción ou disposición a título oneroso. O Servizo de Cemiterio rexeitará o recoñecemento de toda transmisión que non se axuste ás prescricións do presente Regulamento. O dereito funerario será transmisible únicamente a título gratuito, **por actos *inter vivos* e *mortis causa***. O Concello de Ribadeo ostentará, en todo caso, o dereito de tanteo, debendo acreditar motivadamente os fundamentos de índole social, cultural, histórica, urbanística ou semellantes que aconsellen o exercicio do citado dereito, debendo salvagardarse sempre o dereito de traslado dos restos existentes ou o mantemento dos mesmos ata a finalización do prazo de concesión.

#### **Artigo 21.- Recoñecemento das transmisións**

Para que poida surtir efectos calquera transmisión de dereito funerario, haberá de ser previamente recoñecida polo Servizo de Cemiterio.

A tal efecto, o interesado deberá acreditar, mediante documento que faiga fe, as circunstancias da transmisión.

No caso de transmisións *inter vivos*, deberá acreditarse especialmente o seu carácter gratuito.

En todo caso, para o recoñecemento da transmisión esixirase estar ao día no pagamento dos tributos correspondentes.

#### **Artigo 22.- Transmisión por actos *inter vivos***

A cesión a título gratuito do dereito funerario poderá facerse polo titular, mediante actos *inter vivos*, a favor do cónxuxe, ascendente, descendente ou colateral ata o cuarto grao por consanguineidade e ata o terceiro grao por afinidade.

Documentación que deberá aportarse, con carácter mínimo:

- Título de concesión
- Documento notarial acreditativo da doazón
- Libro de familia ou documentos acreditativos da relación familiar

#### **Artigo 23.- Transmisión *mortis causa*.**

A transmisión *mortis causa* do dereito funerario rexerese polas normas establecidas no Código Civil para as sucesións, considerándose beneficiario a quen corresponda a adquisición por sucesión testada ou intestada, salvo o disposto no artigo seguinte.

Documentación que deberá aportarse nos casos de sucesión testada:

- Certificado de defunción do titular da unidade de enterramento
- Título de concesión da unidade de enterramento
- Testamento e documento de últimas vontades
- Documento notarial de aceptación da herencia
- Documento notarial de renuncia se existen máis herdeiros ou lexitimarios.



Documentación que deberá aportarse nos casos de sucesión intestada:

- Certificado de defunción do titular da unidade de enterramento
- Título de concesión da unidade de enterramento
- Certificado negativo de testamento ou últimas vontades
- Libro de familia do defunto
- Documento notarial de declaración de herdeiros
- Se existe máis de un beneficiario, documento de renuncia en favor de un deles

#### **Artigo 24.- Beneficiarios de dereito funerario**

O titular do dereito funerario poderá designar, en calquera momento durante a vixencia da súa concesión, e para despois da súa morte, un beneficiario do dereito, que se subrogará na posición de aquel, e polos anos que resten da concesión.

A designación de beneficiario poderá ser revocada ou substituída en calquera momento polo titular, incluso por disposición testamentaria posterior, que deberá ser expresa.

Xustificada a defunción do titular polo beneficiario, recoñecerase a transmisión, librándose a favor deste, como novo titular de pleno dereito, un novo contrato-título e se practicarán as inscricións procedentes nos Libros de Rexistro, debendo realizarse este trámite no prazo de **Un ano** a partir da data de falecemento do titular.

#### **Artigo 25.- Recoñecemento provisional de transmisións**

No caso de que, falecido o titular, o beneficiario por título sucesorio non puidera acreditar fehacientemente a transmisión ao seu favor, poderá solicitar o recoñecemento provisional da transmisión, aportando a tal fin os documentos xustificativos do seu dereito a adquirir. Se a xuízo do Servizo de Cemiterio os documentos aportados non foran suficientes a tal fin, poderá denegar o recoñecemento.

En todo caso, farase constar no contrato-título e nas inscricións correspondentes que o recoñecemento efectúase con carácter provisional e sen perxuízo de terceiros con mellor dereito. No caso de pretender a inscrición provisional máis de unha persoa, e por títulos distintos, non se recoñecerá transmisión provisional algunha. O recoñecemento provisional deberá validarse e elevarse a definitivo mediante a achega de documento fehaciente que acredite a transmisión e previo abono das taxas correspondentes, previstas na Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo de cemiterio.

Porén, elevarase a definitivo o recoñecemento provisional efectuado se, transcorridos dez anos, non se formulara reclamación contra o mesmo, nin se deixara sen efecto por acreditación de transmisión por medio fehaciente en favor de terceira persoa.

No caso de reclamación de titularidade por terceiro, suspenderase o exercicio de dereitos, sobre a unidade de enterramento que se trate, ata que se resolva definitivamente sobre quen sexa o adquirente do dereito.

#### **Artigo 26.- Extinción do dereito funerario**

O dereito funerario extinguirase e, en consecuencia, revertirá a plena titularidade da unidade de enterramento ao Concello:

1. Polo transcurso do tempo da súa concesión e, no seu caso, da súa ampliación ou prórroga, ou renovación da concesión
2. Polo abandono da unidade de enterramento, entendéndose este producido por:
  - a) Exhumación de todos os cadáveres, restos e cinzas, con desocupación total da unidade de enterramento, salvo nas de construción polo titular.
  - b) Falta de edificación nas parcelas no prazo previsto no artigo 30 deste Regulamento.
  - c) Ruina das edificacións construídas por particulares, con risco de derrubamento.
3. Por falta de pago dos servizos ou actuacións realizadas sobre a unidade de enterramento conforme a este Regulamento e as normas fiscais de aplicación.

#### **Artigo 27.- Expediente sobre a extinción do dereito funerario.**

A extinción do dereito funerario no suposto previsto no número 1 do artigo anterior operará automaticamente, sen necesidade de instrución de expediente algún.

Nos restantes casos do artigo anterior, a extinción do dereito declararase previa instrución de expediente, no que se dará audiencia aos interesados por prazo de quince días, e que se resolverá con vista das alegacións aportadas.

O expediente incoado pola causa do número 3 do artigo anterior archivarase e non procederá a extinción do dereito, se no prazo de audiencia se efectuase o pago da cantidade debida.

#### **Artigo 28.- Desocupación forzosa de unidades de enterramento.**

Producida a extinción do dereito funerario, o Servizo de Cemiterio estará expresamente facultado para a desocupación da unidade de enterramento de que se trate, practicando as exhumacións que procedan, para o traslado a enterramento común, cremación ou incineración, dos cadáveres, restos ou cinzas que conteña.

Igual facultade terá no caso de falta de pago polo adxudicatario da unidade de enterramento dos dereitos derivados da súa concesión, por entenderse que non chegou a constituírse o dereito funerario sobre a mesma. Neste suposto deberá requirirse previamente o pago ao adxudicatario por prazo de sete días e, de non realizalo, procederá a desocupación conforme o parágrafo anterior.

Cando se produza a extinción do dereito funerario pola causa do número 1 do artigo 26, antes de proceder á desocupación forzosa comunicárase ao titular, concedéndolle prazo para a desocupación voluntaria da unidade.

#### **Capítulo IV. Obras e instalacións particulares**

##### **Artigo 29.- Construcións e instalacións ornamentais de particulares**

As construcións a realizar sobre parcelas polos titulares do dereito funerario respectarán externamente as condicións urbanísticas e ornamentais adecuadas ao entorno, seguindo as directrices ou normas que ao efecto estableza o Concello, deberán reunir as condicións técnicas e sanitarias establecidas polas disposicións legais vixentes en materia de enterramentos e serán realizadas en todo caso baixo a supervisión dos servizos técnicos municipais, previa autorización municipal expresa.

As construcións e elementos ornamentais a instalar polos titulares sobre solo e sobre edificacións de titularidade municipal, deberán ser en todo caso autorizadas polo Servizo de Cemiterios, conforme ás normas que a tal efecto se dicten.

Todas as obras e instalacións a que se refire este artigo deberán ser retiradas á súa costa polo titular ao extinguirse o dereito funerario. De non facelo, poderá o Concello retiralas retiralas, dispoñendo libremente dos materiais e ornamentos resultantes, sen que proceda indemnización algunha ao titular e instando, no seu caso, ao resarcimento dos gastos que puideran ocasionarse para o Concello conforme aos métodos de execución forzosa previstos na Lei.

##### **Artigo 30.- Execución de obras sobre parcelas**

Constituído o dereito funerario, entregárase ao titular, xunto co contrato-título, unha copia do plano da parcela adxudicada.

Os titulares deberán proceder á súa construción no prazo de dous anos a partir da adxudicación. Este prazo será prorrogable, a petición do titular, por causas xustificadas e por un novo prazo non superior ao inicial.

Declarada a extinción do dereito funerario por non terminarse a edificación, nos termos do artigo 26, letra b, do número 2 deste Regulamento, non se satisfará indemnización nin cantidade algunha polas obras parciais executadas.

Terminadas as obras, procederase á súa alta ante o Servizo de Cemiterio, previa a súa inspección e comprobación polos órganos competentes na materia.

##### **Artigo 31.- Normas sobre execución de obras e instalacións ornamentais**

Todos os titulares de dereito funerario e empresas ou profesionais que, por conta de aqueles, pretendan realizar calquera clase de instalacións ou obras nas unidades de enterramento e parcelas, deberán atermos ás normas que dicte, con carácter xeral ou especial, o Concello e que poderán abarcar tipoloxías constructivas, materiais, horarios de traballo, aseguramento da instalación ou obra, acceso aos recintos, e calquera outro aspecto de interese xeral para a orde e mellor servizo do cemiterio, pudiendo impedirse a realización de traballos aos que incumpran as normas ou órdenes concretas que se dicten ao efecto.

##### **Artigo 32.- Plantacións**

As plantacións considéranse accesorias das construcións, e están suxeitas ás mesmas regras de aquelas, sendo a súa conservación a cargo dos titulares, e en ningún caso poderán invadir os viais nin perxudicar ás construcións veciñas.

##### **Artigo 33.- Conservación e limpeza**

Os titulares de unidades de enterramento de toda clase virán obrigados a contribuir á conservación, mantemento e limpeza dos viais, plantacións e instalacións xerais do cemiterio, mediante o cumprimento estrito das anteriores normas e mediante o pago do canon que por este concepto poderá establecer o Concello.

#### **Capítulo V.- Actuacións sobre unidades de enterramento**

##### **Artigo 34.- Normas hixiénico-sanitarias**

A inhumación, exhumación, traslado, incineración e cremación de cadáveres e restos rexeráse en todo caso polas disposicións legais vixentes en materia hixiénico-sanitaria.

Antes de proceder a calquera de tales actuacións esixíranse, nos casos legalmente previstos, as autorizacións, inspeccións ou visados da autoridade competente.

Porén, poderá impoñerse a adopción das medidas precautorias necesarias para a salvagarda das condicións hixiénico-sanitarias, mentres se resolva sobre a cuestión pola autoridade competente.

**Artigo 35.- Número de inhumacións**

O número de inhumacións sucesivas en cada unidade de enterramento só estará limitada pola súa capacidade e características, e polo contido do dereito funerario e condicións establecidas á súa concesión.

Cando sexa preciso habilitar espazo para nova inhumación, procederase no necesario á redución dos restos preexistentes.

**Artigo 36.- Determinación de actuacións sobre unidades de enterramento.**

Unicamente ao titular do dereito de enterramento incumbe a decisión e solicitude de inhumacións, exhumacións e demais actuacións sobre a unidade de enterramento, así como a designación dos cadáveres que haxan de ocupala, e incluso a limitación ou exclusión predeterminada deles; salvo as actuacións que teñan de practicarse por orde de autoridade competente.

Entenderase expresamente autorizada en todo caso a inhumación do titular.

Non se autorizará a inhumación de persoas civilmente estrañas ao titular do dereito funerario, salvo o que en cada caso autorice especialmente o Concello, previa solicitude do titular, con expresión e acreditación do motivo da solicitude, que será apreciado con liberdade de criterio.

En caso de conflito sobre o lugar de inhumación dun cadáver, ou sobre o destino dos restos ou cinzas procedentes da exhumación, cremación ou incineración, atenderase á intención do falecido se constase indubidadamente, no seu defecto, á do cónxuxe non legalmente separado na data do falecemento e, no seu defecto, á dos parentes por consanguineidade, seguindo a orde prevista no Código Civil para a reclamación de alimentos.

**Artigo 37.- Representación**

As empresas de servizos funerarios que interveñan en xestións, solicitudes e autorizacións en relación ao dereito funerario, entenderase en todo caso que actúan en calidade de representantes do titular, vinculando a este e surtindo todos os seus efectos, calquera solicitude ou consentimento que por aquelas se formule.

**Artigo 38.- Actuacións especiais por causa de obras.**

Cando sexa preciso practicar obras de reparación en unidades de enterramento que conteñan cadáveres, restos ou cinzas, trasladaranse provisionalmente estes a outras unidades adecuadas, cumprindo en todo caso as disposicións sanitarias, e sendo devoltos ás súas primitivas unidades, unha vez rematadas as obras.

Cando se trate de obras de carácter xeral a realizar polo Servizo de Cemiterio, que impliquen a desaparición da unidade de enterramento de que se trate, o traslado realizarase de oficio, con carácter definitivo, a outra unidade de enterramento de similar clase, pola que será canxeada con respecto a todas as condicións do dereito funerario existente. Neste caso, notificarase ao titular para o seu debido coñecemento, e para que poida asistir ao acto do traslado, do que se levantará acta, expedíndose seguidamente novo contrato-título en relación á nova unidade de enterramento, con constancia de substitución.

Cando estas actuacións se produzan por causa de obras en edificacións e instalacións cuxa conservación compete ao Servizo de Cemiterio, non se xerará dereito algún por ningunha das operacións que se practiquen. Se a conservación compete ao titular, xeraranse todos os dereitos que correspondan por cada operación.

**Artículo 39.- Réxime de adxudicación das Unidades de enterramento.-**

As distintas unidades de enterramento existentes nos cemiterios municipais de Ribadeo serán xestionadas e adxudicadas do seguinte xeito:

**a) Nichos**

A construción será realizada por parte do Concello nos terreos que procedan dentro do cemiterio municipal e a adxudicación realizarase, previa presentación de solicitudes durante o prazo que na convocatoria se fixe, mediante sorteo público ao efecto.

Os adxudicatarios deberán aboar a taxa que oportunamente se fixe nos prazos que se indiquen.

**b) Panteóns**

Para a adxudicación de panteóns o interesado presentará no Concello a correspondente instancia acompañada de plano suscrito por técnico competente debendo axustarse aos condicionamentos fixados polo Concello que será quen determine os lugares ou zonas así como a superficie na que se poderá realizar este tipo de unidade de enterramento. Sen esta autorización non se poderá proceder á construción do mesmo.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que se oportunamente se fixen na correspondente Ordenanza Fiscal.

**c) Sepulturas**

Para a adxudicación de sepulturas o interesado presentará no Concello a correspondente instancia acompañada de plano suscrito por técnico competente debendo axustarse aos condicionamentos fixados polo Concello que será quen determine os lugares ou zonas así como a superficie na que se poderá realizar este tipo de unidade de enterramento. Sen esta autorización non se poderá proceder á construción do mesmo.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que se oportunamente se fixen na correspondente Ordenanza Fiscal.

**d) Columbarios**

A construción será realizada por parte do Concello nos terreos que procedan dentro do cemiterio municipal e a adxudicación realizarase, previa presentación de solicitudes durante o prazo que na convocatoria se fixe, mediante sorteo público ao efecto.

Os adxudicatarios deberán aboar a taxa que oportunamente se fixe nos prazos que se indiquen.

**CAPITULOVI****Rexime Sancionador.-**

**Artigo 40.-**As faltas que poidan cometer os concesionarios clasificaranse en leves, graves e moi graves:

**a) Considérase falta leve:**

- A omisión da necesaria limpeza nas unidades asignadas por parte dos concesionarios.
- Arrojar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias ou unidades de enterramento.
- A inobservancia das instrucións dimanantes do Concello ou da Inspección Sanitaria, cando non sexa falta grave ou moi grave.
- As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público e persoal encargado do servizo
- Causar danos as unidades de enterramento, edificacións, xardíns ou instalacións en xeral por valor inferior a 1.500 euros.
- Incumprimento do horario establecido para o acceso o cemiterio.

**b) Constitúe falta grave:**

- A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.
- Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do recinto do cemiterio ou nas súas inmediacións, con resultado de lesións ou danos.
- As ofensas leves de palabra, ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do servizo, ao persoal de Inspección Sanitaria, aos axentes da autoridade e ao público en xeral.
- Causar danos as unidades de enterramento, edificacións, xardíns ou instalacións en xeral por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.
- Uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- Os incumprimentos que poidan cualificarse como graves da normativa sanitaria mortuoria, segundo na mesma se estableza e sexan responsabilidade dos propios concesionarios.

**c) Terá a consideración de falta moi grave:**

- A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.
- Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos.
- Actos de coacción ou suborno ao persoal do cemiterio.
- Incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalgunha infracción cometida.
- Ocasionar danos por valor de 3.000 euros ou superior nas instalacións por dolo ou negligencia grave.
- As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do servizo, ao persoal de inspección sanitaria, aos axentes da autoridade e ao público en xeral.
- A modificación da estrutura ou instalacións das unidades de enterramento sen autorización municipal.
- A cesión ou transmisión non autorizada da concesión ou o seu aluguer.
- Os incumprimentos que podan cualificarse como moi graves da normativa sanitaria mortuoria, segundo na mesma se estableza e sexan responsabilidade dos propios concesionarios.

As sancións a imponer pola comisión de faltas tipificadas neste regulamento serán as seguintes:

- Multa, que se imporá en calquera caso e que pode levar aparellada calquera outra sanción que se aplique.
- Extinción do contrato de concesión, en caso de infracción moi grave.

As sancións correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta os criterios obxectivos e subxectivos seguintes:

- a) A afectación á saúde e á seguridade das persoas.
- b) A posibilidade de reparación ou restablecemento da realidade.
- c) Beneficio derivado da actividade infractora.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) A reincidencia.
- f) Grado de malicia do causante da infracción.
- g) Grado de participación no feito por título diferente de autoría.

As multas a imponer teñen tres posibles grados, que se corresponden respectivamente co carácter leve, grave ou moi grave da infracción, cos límites seguintes:

- Infraccións leves, ata 750 €.
- Infraccións graves, dende 750,01 ata 1.500 €.
- Infraccións moi graves, dende 1.500,01 ata 3.000 €.

**Artigo 41.-**

Será competente para imponer as sancións a Alcaldía, previo informe dos servizos municipais, e tramitación de expediente no que se lle dea audiencia ao concesionario.

O importe da multa satisfacerase ao Concello por parte do concesionario dentro dos prazos que se fixan no Regulamento Xeral de Recadación.

O concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable ao caso, podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo dos danos e prexuízos que sexan esixibles por parte do Concello.

#### **Disposición Adicional Primeira.-**

O presente Regulamento será de aplicación dende a súa entrada en vigor a toda clase de servizos e concesións de dereito funerario e aos dereitos e obrigas derivadas deste.

#### **Disposición Adicional Segunda.-**

Para resolver as cuestións que puideran pantexarse en relación coas materias non previstas expresamente neste Regulamento aplicarase o previsto na seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.
- TR da disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto 781/1986.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.
- Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria de Galicia, aprobado por Decreto 134/1998, de 23 de abril,
- Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria aprobado por Decreto 2263/1974, de 20 de xullo.
- Lei 49/1978 de 3 de novembro, de enterramentos en cemiterio dos municipios.
- Lei 14/1996, de 14 de xuño Xeral de Sanidade.
- Real Decreto Lei 7/1996, de 7 de xuño de liberalización da prestación dos servizos funerarios
- R.D. Lei 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

-Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

#### **Disposición Transitoria Primeira.-**

Recoñécense a todos os efectos as concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor deste Regulamento ás que se lles aplicarán as disposicións do mesmo.

#### **Disposición Transitoria Segunda.-**

Aquelas concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor deste Regulamento con carácter de "cesión a perpetuidade" entenderanse outorgadas por un prazo de 99 de anos dende a data do seu outorgamento segundo xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Non obstante os titulares desas concesións poderán acollerse voluntariamente ás condicións do presente Regulamento a través dunha declaración formal, séndolles expedido un novo título de concesión polo prazo máximo de 75 anos a contar dende a entrada en vigor do presente Regulamento (artigo 19 deste Regulamento).

#### **Disposición Derrogatoria Única**

Queda expresamente derogado o Regulamento e Ordenanza de Cemiterios Municipais de 1932.

## ANEXOS

**SOLICITUDE PARA INHUMACION, EXHUMACION, TRASLADO E LICENZA PARA COLOCACIÓN DE LÁPIDAS, PINTURA, ETC. NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS****DATOS DO SOLICITANTE**

1.	Nome e apelidos:	
2.	Enderezo	
3.	C.Postal:	Localidade:
4.	D.N.I./CIF:	Teléfono:

**DATOS DO REPRESENTADO, SE PROCEDE.**

5.	Nome e apelidos:	
6.	Enderezo	
7.	C.Postal:	Localidade:
8.	D.N.I./CIF:	Teléfono:

**EMPRESA FUNERARIA**

9.	Razón Social:	
10.	Enderezo	
11.	C.Postal:	Localidade:
12.	NIF:	Teléfono:

Datos do falecido/a: † RESTOS † CENZAS †

13.	Nome e apelidos:	
14.	DNI	Data falecemento:

**SOLICITUDE DE INHUMACION:**

15.	NICHO Nº	16.	PANTEON Nº	17.	SEPULTURA Nº
-----	----------	-----	------------	-----	--------------

**SOLICITUDE TRASLADO**

18.	Outro Concello/ Cemiterio	20.	Nicho † Panteón † Sepultura †
19.	Procedencia:		
21.	Dentro do mesmo Cemiterio: Do nicho † Panteón † Sepultura †		
22.	Para o nicho † Panteón † Sepultura †		

**SOLICITUDE LICENCIA PARA COLOCACION DE LÁPIDA**

23.	Nicho † nº	Panteón † nº	Sepultura † nº
-----	------------	--------------	----------------

**Documentos anexos:** \* Licencia de enterramento

\* Certificación de defunción.

\* Xustificante pago taxas.

24.		29.	
25.		30.	
26.	Data:	31.	Sinatura:
27.			
28.			

**SOLICITUDE PARA CONSTRUCCIÓN DE PANTEÓNS / SEPULTURAS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS  
DATOS DO SOLICITANTE**

32.	Nome e apelidos:	
33.	Enderezo	
34.	C.Postal:	Localidade:
35.	D.N.I./CIF:	Teléfono:

**DATOS DO REPRESENTADO, SE PROCEDE.**

36.	Nome e apelidos:	
37.	Enderezo	
38.	C.Postal:	Localidade:
39.	D.N.I./CIF:	Teléfono:

**SOLICITUDE PARA:**

40.	Construcción de:	45.	Cemiterio de
41.	Panteón	46.	
42.		47.	Ribadeo_____
43.	Sepultura	Ove_____	↑
44.			
48.	Anexos: Plano suscrito por técnico competente.		
49.			

En virtude do exposto e documentación que se achega

**SOLICITA:**

Autorización para a construcción de referenica no Cemiterio que se indica.

50.		55.	
51.		56.	
52.	Data:	57.	Sinatura:
53.			
54.			

**Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADEO.**

O que se fai público para xeral coñecemento facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación no BOP de Lugo.

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo de 15 días a que fai referencia o artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bses de Réxime Local

Ribadeo, 31 de decembro de 2014. O ALCALDE. Asdo/ FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO EN FUNCIONES. Asdo./ JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 0020

---